<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Describir os trámites que se deben realizar no proceso de creación das empresas.</li> </ul>			<p>x</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>• Intercambios orais cos alumnos/as.</li> <li>• Observación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposicións orais</li> <li>• Textos escritos</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Rexistro de observacións</li> </ul>

<p>de empresas, e describe os trámites que se deben realizar.</p>				<p>sistemática.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas específicas</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.</li> <li>▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.</li> <li>▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Seleccionar a forma xurídica máis axeitada segundo a actividade que se vaia realizar.</li> <li>▪ Establecer o alcance da responsabilidade que se vaia asumir e os recursos financeiros cos que se contan.</li> <li>▪ Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha da empresa.</li> </ul> <p>Coñecer de xeito básico os diferentes mecanismos de financiamento.</p>		<p>x</p> <p>x</p> <p>x</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>• Intercambios orais cos alumnos/as.</li> <li>• Observación sistemática.</li> <li>• Probas específicas</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>• Intercambios orais cos alumnos/as.</li> <li>• Observación sistemática.</li> <li>• Probas específicas</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>• Intercambios orais cos alumnos/as.</li> <li>• Observación sistemática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposicións orais</li> <li>• Textos escritos</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Rexistro de observacións</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposicións orais</li> <li>• Textos escritos</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Rexistro de observacións</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposicións orais</li> <li>• Textos escritos</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Rexistro de observacións</li> </ul>

<p>o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Presentar un estudo de viabilidade a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros. Analizar a previsión de vendas.</li> </ul>			x	<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas específicas Rúbrica expresión escrita.</li> <li>Caderno de clase</li> <li>Textos escritos</li> <li>Resolución de exercicios</li> <li>Análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>Intercambios orais cos alumnos/as.</li> <li>Observación sistemática.</li> <li>Probas específicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposicións orais</li> <li>Textos escritos</li> <li>Resolución de exercicios</li> <li>Rexistro de observacións</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Analizar os produtos financeiros máis axeitados ofertados polas entidades financeiras.</li> </ul>			x	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>Intercambios orais cos alumnos/as.</li> <li>Observación sistemática.</li> <li>Probas específicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposicións orais</li> <li>Textos escritos</li> <li>Resolución de exercicios</li> <li>Rexistro de observacións</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>IAEEB3.3.3. Identifica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificar as obrigas fiscais da</li> </ul>			x	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exposicións orais</li> </ul>



<p>as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.</p>	<p>empresas segundo a súa actividade económica e a forma xurídica.</p>				<p>producións dos alumnos/as.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Intercambios orais cos alumnos/as.</li> <li>• Observación sistemática.</li> <li>• Probas específicasExposicións orais</li> <li>• Textos escritos</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Rexistro de observacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Textos escritos</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Rexistro de observacións</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Valorar a achega da carga impositiva que soportan as empresas á riqueza nacional e ó sostemento dos gastos do Estado.</li> </ul>			<p style="text-align: center;">x</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise das producións dos alumnos/as.</li> <li>• Intercambios orais cos alumnos/as.</li> <li>• Observación sistemática.</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposicións orais</li> <li>• Textos escritos</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Rexistro de observacións</li> </ul>

#### **4.1. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDOS NO CURSO ANTERIOR QUE SERÁN TRABALLADOS AO INICIO DESTE CURSO.**

O alumnado cursa a materia de IAEE por primeira vez en 4º curso da ESO, polo que non hai aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior

#### **4.2. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NA ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE.**

No cado anterior, a cor [azul](#) indica as aprendizaxes imprescindibles na adquisición de competencias clave neste curso.

### **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento.

A adopción das competencias claves como finalidades formativas da etapa leva a un modelo de aprendizaxe activo. Polo tanto sendo conscientes de que os alumnos que forman o grupo de clase, xeralmente, ten diferentes motivacións, capacidades, ambiente social, etc, unido ao feito de que como docentes temos como meta a formación integral do alumno, formándoo en todas as súas capacidades, non soamente as cognitivas supón para o profesor/profesora a necesidade de atender esas diferenzas, por iso utilizaranse ao longo do curso diversos modelos metodolóxicos:

Modelo expositivo: presentando o tema estruturado lóxicamente para transmitir os

coñecementos ao alumno e permitir que o alumno comprenda e sistematice os coñecementos especificativos da unidade didáctica.

Modelo colaborativo: fomentando a participación dos alumnos durante a presentación do tema, na maior medida posible. Análise de casos ou exercicios prácticos co obxectivo de fixar os conceptos e interpretar noticias económicas (uso fundamental de periódicos, Internet, aula virtual). Os alumnos realizarán exercicios na aula e tamén na casa. Realizaranse ademais debates, proxeccións de documentais ou películas e tarefas diversas.

Os traballos, xa sexan individuais ou colaborativos, deberán expoñerse polos alumnos na aula. Promoveranse actividades próximas aos intereses dos alumnos, realización dunha choiva de ideas para fomentar a participación, a creatividade e o traballo en equipo, faranse debates en grupos e individuais.

Estas metodoloxías favorecerán o traballo individual unhas veces e outras o traballo en grupo, traballo corporativo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, así como o uso de técnicas e hábitos de investigación. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa. Será fundamental para os alumnos o uso das tecnoloxías da información e comunicación para búsqueda de información, así como o uso da prensa escrita. Empezaremos a aula virtual para facer exercicios, poñer vídeos, apuntamentos ...

## **5.1 METODOLOXÍA EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA: ENSINANZA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL.**

Ante a incerteza da situación sanitaria actual, o profesorado ten por diante un importante reto que é a transformar unha metodoloxía pensada para unha aprendizaxe presencial sen distancias de seguridade (e outras medidas de prevención ás que o alumnado non está acostumado nas aulas) nunha metodoloxía acorde cos principios

expostos no apartado anterior (é dicir, cunha aprendizaxe competencial e cooperativa, que favoreza a autonomía do/a alumno/a) e ao mesmo tempo, que sexa o suficientemente flexible para adaptarse á unha ensinanza non presencial ou semipresencial en calquera momento do curso, que pode afectar a todo o alumnado ou a un reducido número dos/as mesmos/as. Por todo isto, e tendo en conta a experiencia acumulada do curso anterior na ensinanza non presencial, o profesorado do Departamento aposta por incorporar algúns dos principios metodolóxicos da denominada pedagogía inversa (flipped classroom) como son:

1. Preparación por parte do alumnado das leccións fóra da clase, accedendo en casa aos contidos das materias do Departamento mediante a aula virtual do centro (ver, resumir, esquematizar, realizar test, etc.. sobre contidos teóricos), para posteriormente, na aula ordinaria, facer aquelas tarefas máis complexas destinadas a aplicar os contidos teóricos nas que o alumnado precise dunha maior axuda por parte do/a docente (exercicios prácticos, investigacións, presentacións,..).

2. O uso das TIC adquire unha maior relevancia, sobre todo coas aplicacións web que facilitan poder compartir información en diversos formatos e nalgúns casos interactuar cos/as usuarios/as (aula virtual, youtube, edmodo, Kahoot, Vimeo, Google forms, Educaplay, etc..). A experiencia acumulada en cursos anteriores entre o profesorado e o alumnado no emprego da aula virtual, e nunha gran variedade de recursos TIC, resulta clave para facilitar a implementación desta metodoloxía. Outro aspecto positivo é que, en caso necesario, esta metodoloxía facilita a adaptación do ensino presencial ás modalidades semipresencial e non presencial. Non obstante, tamén existen dificultades importantes como a necesidade de reducir a fenda dixital entre o alumnado e lograr a súa implicación para traballar previamente as leccións na casa.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR**

No presente curso, os alumnos non dispoñen de texto base polo que será o profesor que imparte a materia a que lle facilitara o material fotocopiado necesario para o desenvolvemento da materia. Ademais empregará os recursos TIC dispoñibles no centro.

Tamén material da biblioteca, así como as súas instalacións para a presentación ó conxunto da comunidade educativa do proxecto do curso. Empregaranse documentais e películas relacionadas cos estándares de aprendizaxe.

Un recurso importante será a prensa económica da que se extraerán recursos didácticos.

Empregaranse algúns capítulos dos documentais “Grandes deseños” e “Construcciónes ecolóxicas”.

Usaremos como apoio para o proxecto de rehabilitación ecolóxica do instituto a información contida na páxina de <http://www.sotaventogalicia.com/>

### **6.1 FUNCIONAMENTO DA AULA VIRTUAL E OUTROS RECURSOS TIC**

Tal e como foi exposto no apartado anterior (ver punto 5 da PD), a aula virtual ten un papel crucial ao funcionar como extensión da propia aula física, xa que nela o alumnado non só ten dispoñible a teoría (presentacións, apuntes, vídeos, ..) e a práctica (exercicios, investigacións, proxectos, ..) das distintas UD; senón que tamén funciona como espazo de intercambio e comunicación coa entrega de tarefas e a exposición de proxectos e investigacións. En relación ao resto de recursos TIC, ademais dos dispoñibles no propio centro que conta con dúas aulas de informática e aulas Abalar en 1º de ESO. O profesorado do Departamento traballa habitualmente cunha gran variedade de recursos, especialmente con aqueles que ofrecen amplas posibilidades no ámbito das CC.SS. Dende os tradicionais programas para facer presentacións tipo Power Point ata as

aplicacións máis modernas como: Genially, Canva,..; ademais de outras moitas con amplas posibilidades para traballar a ubicación espacial e temporal -Dipity, Timeline, Geocron, Google Maps,...- a organización de ideas -Cmap tools e Giffly,...- cuestionarios - Google forms, Kahoot,...- exercicios interactivos -Educaplay, DeckToys, Keynote ...-, e vídeos - Edpuzzle, Pontow, etc. Co obxectivo de garantir o bo funcionamento destes recursos, ao inicio deste curso os/as titores entregarán ao alumnado as claves e instrucións para entrar na aula virtual e verificará os recursos informáticos dispoñibles cos que conta o alumnado da súa titoría. O profesorado do Departamento colaborará na medida do posible, resolvendo dúbidas sobre a aula virtual entre o alumnado e advertindo aos/as titores/as sobre posibles problemas derivadas da fenda dixital.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 7.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR MATERIA

A cualificación de cada avaliación na materia de IAEE obterase do seguinte xeito:

GRUPO DE EA	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
CSC	-Proxecto - Actividade de investigación. - Rúbrica XH_R4_CSC_TG_1	5%
CMCCT	-Proxecto	25%
CCL_EE	- Actividade de comentario. - Rúbrica XH_R1_CCL_EE_1	3%
CCL_CE	- <b>Probas escritas.</b>	2%
CCL_EO	- Exposición oral da actividade de investigación -Rúbrica XH_R2_CCL_EO_1	3%
CCL_CO	- <b>Actividades película-documental</b>	2%

	- Rúbrica XH_R2_CCL_CO_1	
CAA	- <b>Rexistro de observacións:</b> - Rúbrica XH_R3_CAA_1	10%
CD	- <b>Actividade de investigación.</b> - Rúbrica XH_R6_CD	20%
CSIEE	- <b>Actividade de investigación.</b> -Proxecto	30%
<b>Cualificación total</b>		<b>100%</b>

<b>ACTIVIDADES INDIVIDUAIS</b> - Cuestionarios (CLL_CO) de documentais, películas ou podcast - <b>Informes de avaliación dos proxectos.</b>	2puntos.
<b>PROXECTO DE EMPRESA</b> Traballos de investigación en grupo (CLL_EE; CLL_TG; CD).  Rúbricas: - XH_R2_CCL_EE - XH_R1_CSC_TG - XH_R5_CD	7 puntos.
<b>REXISTRO DE OBSERVACIÓNS</b> - Corrección de actividades e participación en coloquios. - Participación na venda de produtos do proxecto. - Intervencións e reflexións do alumnado sobre a materia. Rúbrica XH_R4_CAA_1	1 punto.

Á hora de facer os traballos e exercicios é imprescindible o cumprimento dos seguintes apartados:

- Coidado do material escolar, orde e limpeza reflectidos no caderno, realización e corrección dos exercicios e actividades realizadas.
- Non utilización de medios fraudulentos (chuletas, teléfono móbil, auriculares ou en calquera outro tipo de soporte) nos exames, exercicios, traballos e probas. En tal caso quedarán anulados.
- Os traballos propostos durante o curso terán que ser entregados nas datas sinaladas. En caso contrario terán unha penalización sobre a nota.

## **AVALIACIÓN TRIMESTRAL:**

A nota da **avaliación trimestral** é resultado da **media ponderada** das probas escritas, orais, investigacións escolares e o resto de actividades avaliadas realizadas ao longo do trimestre que se especifican no apartado anterior. O cálculo da nota trimestral por instrumento de avaliación é o seguinte:

a. **70% proxecto de empresa + b) 20% actividades individuais + c) 10% rexistro de observacións.**

Para aprobar a materia é necesario obter **avaliación positiva** (5 ou máis) na nota da avaliación trimestral, **redondeando** cara o enteiro superior a partir de 0,6 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,6.

## **AVALIACIÓN FINAL**

A nota da **avaliación final** é resultado da **media aritmética das tres avaliacións do curso**. Para aprobar a materia é necesario obter avaliación positiva (5 ou máis) na nota da avaliación final ordinaria.

## **RECUPERACIÓN TRIMESTRAL**

No caso de que o alumno ou alumna teña unha avaliación suspensa, terá a opción de **recuperar a materia** coa repetición das actividades suspensas do trimestre correspondente. A entrega das actividades de recuperación debe realizarse ao final do trimestre suspenso ou o inicio do seguinte, a excepción do 3º trimestre. Neste último as actividades de recuperación serán entregadas antes da avaliación do 3º trimestre.

## **RECUPERACIÓN FINAL**

Se o resultado da avaliación final non chega a un 5 o/a alumno/a terá unha nova oportunidade de recuperar a materia presentando as actividades suspensas do trimestre



ou trimestres correspondentes. En canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións trimestrais.

RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPRESIÓN ESCRITA . 4º ESO Rúbrica ECO\_R1\_CCL\_EE

	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
<b>USO DA LINGUAXE</b> - sintaxe - léxico - rexistro adecuado	Emprega estruturas e vocabulario repetitivo e/ou incorrectamente. Rexistro totalmente inadecuado.	Escasa variedade no uso de estruturas sintácticas e vocabulario básico, en ocasións repetitivo. Usa un rexistro en ocasións inadecuado.	Emprega algunhas estruturas sintácticas e variadas e vocabulario axeitado. Fai uso en gran parte dun rexistro adecuado.	Emprega con éxito diferentes estruturas sintácticas e vocabulario variado e axeitado. Fai uso en todo momento dun rexistro adecuado.	
<b>PRESENTACIÓN</b> En prazo, plantilla e marxes, organización en	Entrega fóra de prazo e non segue	Non cumpre moitas das condicións	Cumpre a maioría das condicións requiridas.	Presenta o traballo no tempo e nas	

<p>párrafos, respeta condicións marcadas... <b>(CAA, CCEC)</b></p>	<p>ningunha das indicacións requeridas.</p>	<p>requeridas. Fai unha presentación pobre e non organiza ben a información.</p>	<p>Fai unha presentación axeitada, organizando a información dun xeito aceptable.</p>	<p>condicións requiridas. Organiza a información en parágrafos ben delimitados.</p>	
<p><b>ADECUACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS</b> - coherencia - cohesión <b>(CAA, CSIEE)</b></p>	<p>Non expón as ideas principais nin os detalles.</p>	<p>Expón algunhas das ideas principais e aporta poucos detalles do tema.</p>	<p>Expón a maioría das ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando algúns detalles relevantes do tema.</p>	<p>Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.</p>	
<p><b>INICIATIVA RECURSOS</b></p>	<p>Non aporta</p>	<p>Apréciase certa</p>	<p>Denota certa</p>	<p>Denota búsqueda e</p>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>- orixinalidade</li> <li>- boa utilización das fontes de información</li> <li>- apoio visual</li> <li>- planificación</li> </ul> <p><b>(CAA, CSIEE,CCEC,CD)</b></p>	<p>ningunha información reflexión complementaria ou a copia íntegramente da fonte sen revisala.</p>	<p>búsqueda de información, non correctamente seleccionada e nalgúns casos foi copiada directamente.</p>	<p>de búsqueda e selección de información e apoio visual. Achega algunha información adicional e/ou amosa planificación.</p>	<p>selección correcta de información e do apoio visual. Achega detalles orixinais e amosa unha boa planificación.</p>	<p><b>/10</b></p>
<p><b>OBSERVACIÓNS:</b></p> <p><b>GRAO MÍNIMO : 5/10</b></p>					

RÚBRICA DE EXPRESIÓN ORAL 4º ESO **Rúbrica ECO\_R2\_ CCL\_EO**

	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
--	---------	---------	---------	---------	-------

<b>USO DA LINGUAXE</b>  - sintaxe - léxico - rexistro adecuado	Emprega estruturas e vocabulario repetitivo e/ou incorrectamente. Rexistro totalmente inadecuado.	Escasa variedade no uso de estruturas sintácticas e vocabulario básico, en ocasións repetitivo. Usa un rexistro en ocasións inadecuado.	Emprega estruturas sintácticas variadas e vocabulario axeitado. Fai uso en gran parte dun rexistro adecuado.	Emprega con éxito diferentes estruturas sintácticas e vocabulario variado e axeitado. Fai uso en todo momento dun rexistro adecuado.
<b>VOZ E LINGUAXE NON VERBAL</b>  - dicción clara - pausas - entonación - expresión corporal	Fala moi rápido ou apenas fala. Non vocaliza ben nin trata de repetir cando non se lle entende.	Fala bastante rápido e non vocaliza de todo ben. Nalgunhas ocasións fai repeticións para ser comprendido.	Pronuncia con bastante claridade e a un ritmo comprensible. En ocasións reformula o seu discurso cando non se comprende.	Pronuncia pausadamente con claridade e repetindo ou reformulando cando non se comprende.,

				mantendo unha expresión corporal axeitada.	
<b>ADECUACIÓN DE CONTIDOS</b> - coherencia - cohesión <b>(CAA, CSIEE)</b>	<b>E</b> <b>DE</b> Non expón as ideas principais nin os detalles.	Expón algunhas das ideas principais e aporta poucos detalles do tema.	Expón a maioría das ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando algúns detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	
<b>INICIATIVA RECURSOS</b> - orixinalidade - boa utilización das	<b>E</b> Non aporta ningunha información nin	Apréciase certa búsqueda de información, pero non	Denota certa búsqueda e selección de información e	Denota búsqueda e selección correcta de información e do	

fontes de información - apoio visual - planificación <b>(CAA, CSIEE,CCEC,CD)</b>	reflexión complementaria ou a copia íntegramente da fonte sen revisala.	está correctamente seleccionada e nalgúns casos foi copiada directamente.	apoiu visual. Achega algunha información adicional e/ou amosa planificación.	apoiu visual. Achega detalles orixinais e amosa unha boa planificación.	
<b>OBSERVACIÓNS:</b>  <b>GRAO MÍNIMO : 5/10</b>					<b>/10</b>

Rúbrica para avaliar o traballo en grupo. **ECO\_R3\_CSC\_TG**

	NIVEL 0	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	TOTAL
--	---------	---------	---------	---------	-------

<b>RESPECTO TOLERANCIA</b>	<b>E</b> Non escoita, non comparte nin apoia o traballo dos outros.	Ás veces escoita, comparte e apoia o traballo dos outros.	Xeralmente escoita, comparte e apoia o traballo dos outros.	Sempre escoita, comparte e apoia o traballo dos outros.	
<b>INTEGRACIÓN NO GRUPO</b>	Non participa.	Apenas participa.	Participa bastante	Participa totalmente.	
<b>ACHEGAS PERSOAIS  MOTIVACIÓN</b>	Non entrega o seu traballo.  Non promove a cooperación entre os membros do grupo.	Entregou unha pequena parte do seu traballo con necesidade de seguimento.  Poucas veces promove a cooperación e participación entre os membros do grupo.	Entregou gran parte do seu traballo con necesidade de seguimento.  Case sempre promove a cooperación entre os membros do grupo.	Entregou todo o seu traballo con necesidade de seguimento  Promove a cooperación entre os membros do grupo.	



**OBSERVACIÓNS:**

**GRAO MÍNIMO : 5/10**

**/10**

Rúbrica CAA. **ECO\_R4\_CAA**

	<b>NIVEL 0</b>	<b>NIVEL 1</b>	<b>NIVEL 2</b>	<b>NIVEL 3</b>	<b>TOTAL</b>
<b>CONTROL E XESTIÓN DA PROPIA APRENDIZAXE</b> Ter conciencia das capacidades de aprendizaxe: atención, concentración, memoria,	Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos.	Recoñece únicamente algunhas das súas capacidades de aprendizaxe.	É consciente das súas capacidades de aprendizaxe, mais non as distingue en situación concretas.	É quen de identificar en que medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos seus éxitos ou fracasos	

comprensión e expresión.					
Adquirir responsabilidades e compromisos persoais sendo perseverante na aprendizaxe e ao mesmo tempo acadar confianza en si mesmo	Non manifesta interese en mellorar a súa aprendizaxe e non cre nas súas propias capacidades para aprender.	Amosa interese en mellorar as súas propias capacidades de aprendizaxe, mais non persevera niso. Esfórzase en aprender malia non ter confianza nas súas capacidades.	É perseverante na súa responsabilidade de mellorar algunha das súas capacidades de aprendizaxe a curto prazo e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe.	Potencia as súas capacidades de aprendizaxe e comprométese en superar as deficiencias con perseverancia e manifesta interese e curiosidade para ampliar os seus coñecementos.	
<b>HABILIDADE PARA</b>					

<p><b>XESTIONAR O TEMPO DE MANEIRA EFECTIVA</b></p> <p>Planear e organizar actividades e tempos.</p> <p>Administrar o esforzo, autoavaliarse e autorregularse.</p>	<p>Non planea nin organiza as súas actividades e non é responsable co uso da axenda.</p> <p>Limitase a levar a termo as actividades que non lle requiren esforzo.</p>	<p>Utiliza a axenda como instrumento de planeamento de xeito ocasional.</p> <p>Leva a termo por si mesmo as actividades urxentes.</p>	<p>Planea as súas tarefas facendo uso da axenda, mais non organiza axeitadamente o tempo preciso para cada unha delas.</p> <p>Prioriza a importancia das actividades, mais non administra axeitadamente o esforzo que lle supón cada una e non é quen de mudar o seu planeamento se</p>	<p>Sérvese da axenda e/ou un horario semanal para planear e organizar as súas actividades a curto, medio e longo prazo.</p> <p>Prioriza as actividades segundo a importancia e o esforzo que lle requiren.</p>
--	---	---	---	--

<p><b>PENSAMENTO</b></p> <p><b>CRÍTICO-CREATIVO</b></p> <p><b>METACOGNICIÓN</b></p> <p>Afrontar a toma de decisión sobre a propia aprendizaxe racional e críticamente.</p>	<p>Non toma decisións sobre a propia aprendizaxe.</p>	<p>Non é quen de atopar alternativas apropiadas para mellorar a súa aprendizaxe.</p>	<p>Toma decisións distintas sobre a propia aprendizaxe, mais non avalía as súas consecuencias.</p>	<p>Toma decisións sobre a propia aprendizaxe, avaliando axeitadamente as consecuencias de cada unha.</p>	<p><b>/10</b></p>
<p><b>OBSERVACIÓNS:</b></p> <p><b>GRAO MÍNIMO : 5/10</b></p>					

## **7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS E MATERIAS**

- A materia estará dividida en tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso.
- A nota da avaliación trimestral é resultado da media ponderada das probas escritas, orais, investigacións escolares e o resto de actividades avaliadas realizadas ao longo do trimestre que se especifican no apartado anterior, criterios de cualificación por materias.
- Para aprobar a materia é necesario obter avaliación positiva (5 ou máis) na nota da avaliación trimestral, redondeando cara o enteiro superior a partir de 0,5 e situándose no enteiro natural cando á décima se sitúe por baixo de 0,5.
- Ao finalizar cada avaliación, farase unha proba escrita de recuperación, a súa nota ponderarase e sumarase á obtida no resto de actividades avaliadas do trimestre (probas orais, investigacións, caderno de clase, etc.). A nota deberá ser igual ou superior a 5 para recuperar a materia.

### **AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA (XUÑO)**

- A nota da avaliación final ordinaria de xuño é resultado da media aritmética das tres avaliacións do curso.
- Para aprobar a materia é necesario obter avaliación positiva (5 ou máis) na nota da avaliación final ordinaria.
- Aqueles alumnos con avaliación final negativa poderán realizar unha proba escrita de recuperación global da materia. A nota deberá ser igual ou superior a 5 para recuperar a materia en xuño.

### **AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA (SETEMBRO)**

- Co obxectivo de facilitar o traballo de preparación da materia, o profesorado pode ofrecer ao alumnado un boletín ou caderno de actividades que en ningún caso computará na nota da avaliación final extraordinaria.

- A nota de avaliación final extraordinaria de setembro consistirá nunha proba escrita de recuperación global da materia.

- Para aprobar é necesario obter avaliación positiva (5 ou máis) na proba.

### **INCIDENCIAS ESPECIAIS**

- Copiar nun exame empregando calquera método, suporá a anulación do feito ata ese momento.

- Naqueles casos nos que un alumno/a non poida asistir a realización dunha proba ou a entrega dun traballo por causas maiores (accidente, cita legal, enfermidade,...) deberá aportar o xustificante correspondente para poder realizar a proba ou entregar un traballo fóra de prazo. Unicamente non deberá aportar xustificante no caso de enfermidade por SARS-COV-2, pero nese caso, a nai, pai ou titor/a legal do alumno/a deberá informar ao coordinador/a Covid do centro.

- En caso de non padecer síntomas do SARS-COV-2 pero precisar de illamento domiciliario, o alumno/a poderá continuar co seguimento da materia de forma telemática na aula virtual e realizar a entrega de traballos, e na medida do posible, as probas orais e escritas pola aula virtual ou por outros medios telemáticos (correo electrónico e videoconferencia). No caso de que non sexa posible realizar unha determinada proba de forma telemática (por falta de medios técnicos ou polas características da propia proba); o/a alumno/a deberá realizar a mesma nos primeiros días trala súa incorporación ao centro.

## **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRACTICA DOCENTE**

Para alcanzarmos este propósito pensamos que resulta máis útil empregar no caderno do profesor unha táboa onde se midan os estándares que si se conseguir tratar e

aqueles que, polos motivos que for, non se contemplaron na práctica docente. Os indicadores de logro que nos parecen máis significativos para avaliar son:

- **ACTIVIDADES NA AULA**

	Indicadores de logro das actividades na aula	1	2	3	4
1	Os alumnos traballan da seguinte maneira nas clases				
	De forma individual				
	Por parellas				
	En pequenos grupos				
2	A metodoloxía que se aplica.				
	Utilízanse ferramentas TIC.				
	Propóñense actividades para facilitar o traballo autónomo.				

- **PROGRAMACIÓN**

	Indicadores de logro da programación	1	2	3	4
1	Os profesores e profesoras que imparten clase no mesmo nivel teñen unha distribución coherente dos contidos nas súas programacións.				
2	Consultase a programación ó longo do curso escolar.				
3	Analízanse e márcanse dentro da programación as competencias claves e fundamentais da área.				
4	As ferramentas de avaliación empregadas para medir as				

	competencias na programación son claras.				
5	Á hora de realizar a programación tense en conta as posibilidades que me da o entorno.				
6	Dase a coñecer as programacións aos alumnos e alumnas: obxectivos.				
7	Tense en conta o libro de texto á hora de facer a programación.				

## **9. ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓNS DAS MATERIAS PENDENTES**

Neste presente curso non existen alumnos con a materia de Economía pendente. En caso de que existisen ó remate deste, entregaránselle un boletín de actividades ó alumnado en cuestión. O departamento de Ciencias Sociais prestaríalle a axuda necesaria para resolver as dúbidas que puidese ter. O boletín debería entregalo antes da data fixada por Xefatura de Estudos para o exame de pendentes. Representará un 50% da nota final, sendo o 50% restante, a nota do exame. A cualificación deberá ser 5 ou superior.



## 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

Non é de aplicación.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Con respecto á atención á diversidade, a flexibilidade da programación didáctica para atender ás necesidades dos alumnos e alumnas obsérvase tanto nos contidos, como na metodoloxía e no sistema de avaliación e cualificación:

**Contidos:** Adaptaranse os contidos para asegurar o seguimento por parte de todo o alumnado e o axuste aos diferentes ritmos e características de aprendizaxe.

**Metodoloxía didáctica:** Proporanse actividades de aprendizaxe variadas que teña diferentes estilos, ritmos e capacidades de aprendizaxe; levaranse a cabo distintas formas de agrupamento do alumnado (individual, por parellas, en grupo) que fomente tanto a autonomía como o traballo cooperativo, e realizarase unha avaliación inicial e seguimento continuo da progresión do alumnado.

**Avaliación:** Levarase a cabo unha avaliación relativa que teña en conta a progresión de cada alumno e alumna e ofreceranse diferentes instrumentos de avaliación para asegurar a atención á diversidade (probos escritos e orais, traballos individuais e en grupos, participación na clase, uso de novas tecnoloxías, etc.).

Polo que respecta ao alumnado con necesidades de apoio educativo, o Departamento de Xeografía e Historia traballará en coordinación co Departamento de Orientación e cos outros profesores para identificar necesidades de apoio educativo e tomar as medidas oportunas.

## **12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA**

Con respecto á LOMCE, o decreto 86/2015 (artigo 4) recolle que a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional será traballada en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Tamén indica que a consellería correspondente porá os medios para se traballen a igualdade de xénero, igualdade de trato e non discriminación, prevención da violencia de xenero e da violencia contra persoas con discapacidade, prevención e resolución pacífica de conflitos liberdade, xustiza, pluralismo político, paz, democracia, dereitos históricos, estado do dereito, prevención do terrorismo, xenofobia e homofobia, competencia viaria, creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, sentido crítico e autoconfianza.

O Departamento participará de maneira activa nas actividades organizadas no centro, centrados estes nos problemas que atopa a muller na súa promoción nas empresas (teito de cristal).

### **ACTIVIDADE: DÍA MUNDIAL DA METEOROLOXÍA (23 DE MARZO).**

O elemento transversal que se decidiu tratar no centro foi o Día Mundial da Meteoroloxía que se celebra o 23 de marzo.

- Descrición da actividade:

Para este fin, decidiuse vencellar unha das actividades económicas principais da comarca, a produción vitivinícola coa meteoroloxía. Para eso contactaremos coas

bodegas máis antigas do Salnés para saber se levaban rexistros de precipitacións ou días de sol para preparar a colleita, antes da existencia da rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia.. Por outra banda, o alumnado calculará o aproveitamento eólico e fotovoltaico que podería ter o instituto para convertilo nun edificio eficiente.

Os estándares que se traballan nesta actividade e cada un dos cursos son os seguintes:

4º ESO IAEE

IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.
IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.
IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.
IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación.

- Avaliación da actividade:

**Rúbrica ECO\_R1\_CCL\_EE**

**ECO\_R3\_CSC\_TG**

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO**

O departamento poderá realizar as actividades extraescolares que consideren de interese para o alumnado, se ben seu escaso número, 6 persoas, dificulta a realización en solitario destas actividades.

### **14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

As reunións mensuais de departamento serviranos para analizar o desenvolvemento das actividades dos diferentes grupos ,asi como o axeitado da programación e proporanse.

no seu caso, as modificacións que se consideren oportunas. Os indicadores empregados para a avaliación da programación son os seguintes:

		Malo	Regular	Bo	Moi bo
1	Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.				
2	O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				

3	Adecuación e coordinación na metodoloxía empregada en cada curso				
4	Asociación en cada curso dos elementos transversais a desenvolver.				
5	Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
6	Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
7	Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
8	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
9	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
10	Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes e para a avaliación desas materias.				
11	Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
12	Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso				

A memoria de fin de curso de xuño será o documento no que plasmemos as directrices para as modificacións que consideremos necesarias para variar a programación cara o vindeiro curso que se redactarán de acordo cos prazos previstos e quedarán incorporadas na programación do ano próximo.

**Iria Vaz Hervella**

**Xefa do Departamento**

**O Grove, 18 de setembro de 2022**